



Memoria

Departamento de Lingua Galega e Literatura

Curso 2021-2022

Xefa de departamento:	Materias
MARÍA LUÍSA PITA RUBIDO	<i>Lingua Galega e Literatura</i> 2ºESO-4ºESO <i>Exención de Francés</i> 1º ESO
Outros membros do departamento:	Materias
FRANCISCO XOSÉ CASTIÑEIRA GONZÁLEZ	<i>Lingua Galega e Literatura</i> 1º ESO-3º ESO

ÍNDICE:

A) Cumprimento da programación e dos obxectivos, e razóns da programación non impartida (páx. 3)

B) Accións realizadas e modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica (páx. 4)

C) Motivos das modificacións feitas ao longo do curso. Dificultades atopadas que impediron o logro dos obxectivos e resultados agardados (páx. 5)

D) Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores (páx. 6)

E) Propostas de mellora para a programación didáctica do próximo curso (páx. 8)

F) Avaliación da práctica docente (páx. 9)

G) Actividades extraescolares e complementarias desenvolvidas (páx. 9)

H) Principais conclusións (páx. 11)

A) Cumprimento da programación e dos obxectivos, e razóns da programación non impartida:

O presente curso 2021-2022 estivo aínda marcado pola situación de pandemia mundial provocada pola COVID-19, aínda que nos últimos meses a melloría desta situación fixo que o desenvolvemento do labor docente volvese practicamente á normalidade prepandémica.

En calquera caso, a comezos de curso, esta situación aínda anómala provocou modificacións no que sería o procedemento ordinario do proceso educativo, tanto a nivel de desenvolvemento de actividades relacionadas coa materia como a nivel de actividades complementarias ou extraescolares. Foi necesario reformular os traballos en equipo ou aquelas actividades que adoitaban implicar ou mesturar alumnado de diferentes grupos e isto, sumado á necesidade de estar pendente do cumprimento das medidas COVID da hixienización de alumnado e de espazos, e da ventilación das aulas, supuxo unha mingua do tempo do que habitualmente dispuñamos para outras cuestións docentes.

Aínda que se traballaron todos os estándares da programación a través das distintas actividades desenvolvidas na aula, tamén é certo que non sempre foi posible tocar todos os aspectos relativos aos contidos que estaban planificados a comezo de curso. En boa medida, deixáronse de lado certos contidos teóricos porque foi necesario reforzar aspectos ortográficos ou textuais que na meirande parte do alumnado aínda non están totalmente adquiridos.

A porcentaxe de cumprimento da programación varía segundo o curso ao que nos refiramos, mais en xeral debemos sinalar que nalgún dos cursos e grupos foi difícil desenvolver todos os contidos establecidos na planificación inicial da materia. En xeral, isto débese a varios factores: o ritmo das clases variou en función das capacidades do alumnado ou dos seus coñecementos previos sobre algúns contidos e, ademais, algunhas das sesións dedicáronse a actividades complementarias que fixeron que a temporalización estimada non coincidise coa real. Por outra banda, como xa sinalamos máis arriba, o cumprimento das medidas COVID e a hixienización ou ventilación das aulas ocupou boa parte do tempo das clases e, en boa medida, tampouco se puido acadar un ritmo desexable de desenvolvemento das sesións nalgúns ocasións debido ao feito de que se trata de grupos cunha grande diversidade de capacidades e de intereses. Falaremos tamén de como os cambios na lexislación relativa á avaliación afectou á periodización inicial de curso.

Analizaremos a continuación o cumprimento da programación por cursos:

En **1º ESO** podemos afirmar que se acadou o desenvolvemento do total da programación. O ritmo das clases, pois, foi moi aceptable, tendo en conta as dificultades engadidas das que falamos máis arriba. Non esquezamos que, ademais, neste curso existiron un bo número de adaptacións curriculares que foi necesario atender, xunto con algúns comportamentos disruptivos.

En **2º ESO** acadouse o 85 % da programación. Neste curso fíxose un especial fincapé en cuestións de ortografía e de expresión escrita, polo que se deixaron de lado os contidos referentes á literatura ou á sintaxe que xa se traballan tamén en Lingua Castelá. Optouse por darlle prioridade, pois, a aqueles contidos máis específicos da materia de Lingua Galega.

En 3º ESO desenvolveuse tamén a práctica totalidade da programación. O alumnado dos grupos deste curso tivo, en xeral, un bo nivel académico e o ritmo das clases en poucas ocasións foi entorpecido por cuestións de mala conduta.

En 4º ESO acadouse o 75 % da programación, quedando sen ver a literatura dende 1975 á actualidade e algún léxico. Realmente, a porcentaxe variou levemente segundo o grupo do que falemos, pois nun deles o ritmo de desenvolvemento da programación foi máis lento a causa de diversos factores. Se ben os comportamentos disruptivos se produciron maioritariamente no grupo no que se conseguiu avanzar máis, no outro existían varios casos de alumnos/as con dificultades académicas que precisaban reforzo, moitos deles/as, rapaces e rapazas provenientes de 3º de PMAR.

Ás circunstancias antes descritas tamén debemos engadir que, en xeral en todos os cursos, o alumnado ten carencias significativas en aspectos da lingua galega derivadas do seu uso infrecuente, como pode ser a expresión oral, a ortografía, a colocación do pronome átono e o vocabulario (castelanismos). O feito de que os rapaces e rapazas de Valdoviño sexan maioritariamente castelán falantes, a causa da terrible situación sociolingüística do galego en xeral, implica que para eles/as a lingua galega é case coma un idioma estranxeiro e, inevitablemente, esta circunstancia leva a que os contidos derivados dos estándares establecidos por lei sexan inabarcables nunha materia de tres ou catro horas semanais. A diversidade destes contidos, que van dende a gramática á literatura, pasando pola historia e a sociolingüística, fai cada vez máis inviable abranguer a totalidade dunha programación que parte dunha lexislación educativa pouco adaptada á realidade social e lingüística actual.

Por outra banda, atopámonos cunha novidade na lexislación sobre a avaliación durante o decorrer do curso que fixo que o último trimestre se vise considerablemente reducido. Tras a 3ª avaliación, só se puideron planificar tarefas de reforzo ou de ampliación, pero que non supoñían engadir novos contidos ao xa visto. Isto supuxo reducir as xa escasas sesións lectivas dedicadas a desenvolver a programación prevista no inicio do curso.

Como conclusión, pois, debemos engadir que unha programación ten que ser flexible e adaptarse ás circunstancias reais do curso e dos grupos, e ás novas situacións que poidan xurdir ao longo dos trimestres, polo que consideramos que as modificacións e adaptacións levadas a cabo, das que imos falar a continuación, foron necesarias e pertinentes.

B) Accións realizadas e modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica:

No caso de Lingua Galega, as modificacións máis salientables teñen que ver esencialmente cos contidos da materia que non foron dados por distintos motivos e que xa mencionamos na análise feita no apartado anterior. Por cuestións de tempo, de falta de sesións lectivas ou de ritmo lento no desenvolvemento das clases (ben sexa a causa do comportamento disruptivo do alumnado, ben sexa pola necesidade de reiterar e reforzar certos aspectos da materia, ben sexa polo cumprimento das medidas COVID) tivemos que prescindir de impartir certos contidos e decidimos dar preferencia a aqueles que nos parecían máis necesarios e básicos segundo as carencias do alumnado. Como dixemos arriba, centrámonos máis en cuestións de redacción, ortografía ou expresión oral, puntos débiles na maior parte do noso alumnado, aínda que tamén nos pareceu importante, nos cursos de 3º e 4º ESO, darlle importancia á literatura, pois nela se reflicte a esencia da nosa cultura e do noso pobo.

Outro cambio na programación tivo que ver coas **obras de lectura obrigatoria**. En 3º de ESO algúns alumnos e alumnas tiveron dificultade para atopar o libro de banda deseñada *A tumba de Breogán*, de Abel Alves e Esteban Tolj (Demo Editorial), polo que se lles deu a alternativa de ler *Europa Express*, de Andrea Maceiras (Editorial Xerais).

En canto ás **actividades extraescolares** previstas na programación inicial, a maioría delas lograron facerse e así se reflectiu ao longo do curso nas actas do departamento (participación en certames literarios e musicais convocados pola Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra...). As únicas actividades que non se levaron a cabo foron a visualización de teatro e películas en galego e a visita a casas museo de autores/as literarios/as, simplemente debido a que foron xurdindo outras a nivel de centro nas que o Departamento de Lingua Galega se implicou plenamente, como as relacionadas co proxecto de centro sobre o mar (realizando un traballo sobre vocabulario de Valdoviño nas diferentes actividades marítimas do concello) ou as organizadas polo EDLG e polo EACE. Falamos, especialmente, da nosa participación no programa “21 días co galego e +”, proposto pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e do que formamos parte moi activamente, desenvolvendo os vídeos do alumnado sobre o “Dígocho eu!”, as reflexións sociolingüísticas ou os xogos que tiveron lugar durante os recreos. O desenvolvemento de dita actividade, que tivo tanto peso este curso durante o 2º trimestre para o noso departamento (e, a modo de cualificación, na nosa materia), resumíremolo máis adiante.

C) Motivos das modificacións feitas ao longo do curso. Dificultades atopadas que impediron o logro dos obxectivos e resultados agardados:

Os motivos das modificacións feitas ao longo do curso xa se foron mencionando nos apartados anteriores e gardan relación coas dificultades atopadas que impediron o logro total dos resultados agardados. Consideramos que os contidos da programación foron excesivos para o número real de sesións que finalmente houbo en cada curso, especialmente nos niveis máis altos. Se ben moitos contidos se poden tratar de xeito indirecto, como os que teñen que ver coa tipoloxía textual ou a ortografía, os aspectos máis teóricos da lingua e da literatura precisan ser vistos polo miúdo e, en ocasións, resultan de difícil asimilación polo alumnado. A todo isto hai que engadir as dificultades que se derivan do cumprimento do protocolo da COVID-19, as cales restaron tempo e implicaron modificacións en moitas actividades, polo menos durante a primeira metade do curso.

Ademais desta circunstancia, insistimos na necesidade de traballar con aulas pouco numerosas, especialmente naqueles grupos onde a diversidade do alumnado é tan manifesta e moitas veces nun grao moi alto. En xeral, a capacidade de concentración dos rapaces e rapazas non é igual nun ambiente tranquilo de pouco alumnado ca nunha clase ateigada de xente e onde poden ser frecuentes os comportamentos disruptivos (aínda que non sexan graves). Estes factores ralentizan o ritmo esperable das sesións e, polo tanto, impiden que haxa tempo para tratar todos os contidos planificados na programación inicial de curso.

D) Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores:

Resultados da avaliación final:

CURSO	Nº ALUMNOS/AS	APROBADOS/AS	SUSPENSOS/AS	EXENTOS/AS
1º ESO A	23	23 (100 %)	0 (0 %)	0 (0 %)
1º ESO B	21	20 (95,2 %)	0 (0 %)	1 (4,8 %)
1º ESO C	20	20 (100 %)	0 (0 %)	0 (0 %)
2º ESO A	19	16 (84,2 %)	3 (15,8 %)	0 (0 %)
2º ESO B	20	20 (100 %)	0 (0 %)	0 (0 %)
3º ESO A	21	21 (100 %)	0 (0 %)	0 (0 %)
3º ESO B	25	25 (100 %)	0 (0 %)	0 (0 %)
4º ESO A	22	21 (95,5 %)	1 (4,5%)	0 (0 %)
4º ESO B	22	19 (86,4 %)	1 (4,5 %)	2 (9,1 %)

Debemos lembrar que, no caso de 1º ESO, 8 dos/as alumnos/as do curso tiñan unha ACI que superaron con éxito, como se pode observar na táboa.

Materia pendente:

CURSO	Nº de alumnos	APROBADOS	SUSPENSOS
3º ESO (2º pendente)	2	2 (100 %)	0 (0 %)
4º ESO (3º pendente)	3	2 (66,7 %)	1 (33,3 %)

Número de alumnos/as por cualificación, en comparación co curso anterior:

Cualificación	1º ESO		2º ESO	
	Curso 2020-2021	Curso 2021-2022	Curso 2020-2021	Curso 2021-2022
	Nº alumnos/as	Nº alumnos/as	Nº alumnos/as	Nº alumnos/as
1	0	0	1	0
2	0	0	2	0
3	2	0	2	0
4	4	0	2	3
Suspensos/as	6	0	7	3
5	5	17	12	8
6	6	8	8	6
7	8	7	7	13
8	8	9	9	3
9	8	6	8	4
10	1	16	3	2
Aprobados/as	36	63	47	36

Cualificación	3º ESO		4º ESO	
	Curso 2020-2021	Curso 2021-2022	Curso 2020-2021	Curso 2021-2022
1	0	0	1	0
2	3	0	0	1
3	1	0	0	1
4	3	0	2	0
Suspensos/as	7	0	3	2
5	11	12	2	14
6	8	6	8	10
7	5	5	6	4
8	5	5	8	5
9	3	7	2	4
10	3	11	3	3
Aprobados/as	35	46	29	40

Conclusiones:

En xeral, consideramos bastante satisfactorios os resultados acadados polo alumnado na avaliación final, pois todos os grupos superan o 80 % de aprobados, a maioría supera o 85 % e incluso cinco deles acada o 100 % de aprobados.

O alumnado que non conseguiu superar a materia foi esencialmente aquel que non tivo un hábito de traballo continuo durante o curso nin conseguiu recuperar mediante as probas que se estableceron a final de curso para os/as que tiñan algunha avaliación suspensa.

En canto ao desenvolvemento da programación, aínda que se traballaron practicamente todos os estándares a través das distintas actividades desenvolvidas na aula, non foi posible tocar todos os aspectos relativos aos contidos que estaban planificados a comezo de curso a causa, entre outros motivos, da modificación da lexislación sobre a avaliación, que obrigou a realizar os exames da 3ª moito antes do que sucedía en cursos anteriores. O último trimestre, pois, viuse considerablemente reducido xa que, tras esa 3ª avaliación, só se puideron planificar tarefas de reforzo ou ampliación, pero que non supoñían engadir novos contidos ao xa visto. Ademais, deixáronse de lado certos aspectos teóricos porque foi necesario reforzar contidos ortográficos ou textuais que na meirande parte do alumnado aínda non estaban totalmente adquiridos.

O ritmo das clases variou en función das capacidades do alumnado ou dos seus coñecementos previos sobre algúns contidos e, ademais, algunhas das sesións dedicáronse a actividades complementarias que fixeron que a temporalización estimada non coincidise coa real. En boa medida tampouco se puido acadar un ritmo desexable de desenvolvemento das sesións nalgunhas ocasións debido ao feito de que se trata de grupos cunha grande diversidade de capacidades e de intereses, e onde algún alumnado tivo comportamentos disruptivos en varias ocasións.

Tanto en 1º como en 2º da ESO foi necesario centrarse na atención á diversidade e no reforzo de certas destrezas. En 3º e 4º da ESO consideramos importante facer fincapé na literatura, o que

nalgún caso fixo que nos detivésemos máis do habitual nalgún texto, debido á complexidade que para o alumnado supuxeron certos períodos da literatura galega que nunca antes trataran.

Tamén debemos engadir que, en xeral en todos os cursos, intentaron resolverse carencias noutros aspectos da lingua galega, como pode ser a expresión oral, a ortografía, a colocación do pronome átono e o vocabulario (castelanismos).

Como conclusión debemos engadir que unha programación ten que ser flexible e adaptarse ás circunstancias reais do curso e dos grupos, e ás novas situacións que poidan xurdir, como sucedeu no presente ano académico tanto a causa da crise sanitaria provocada pola COVID-19, que aínda estivo presente durante boa parte do curso, como a causa dos cambios legislativos que se tiveron que implementar polo medio do mesmo.

De cara a unha mellora no rendemento do alumnado que non conseguiu superar a materia e que, en xeral, tampoco aprobou outras, achegaráselle (polo menos a algúns dos rapaces e rapazas) a posibilidade de optar por outras alternativas, como a súa inclusión no PDC, de xeito que se vexan motivados e reforzados na súa aprendizaxe. Esta posibilidade xa se barallou na sesión de avaliación e o Departamento de Orientación xunto cos/as titores/as proponenlles dita opción aos pais e nais correspondentes.

Para aqueles/as que repitan curso de xeito ordinario, intentaremos reforzar o hábito de estudo, do que carece a maior parte deste alumnado; e para o alumnado que promocióne (por imperativo legal ou a través do PDC) e que, polo tanto terá que superar a materia pendente, estableceremos unha serie de actividades que lle permitan ir asimilando os contidos e adquirindo as capacidades, competencias e destrezas progresivamente ao longo do curso.

E) Propostas de mellora para a programación didáctica do próximo curso:

Como conclusión, debemos lembrar unha vez máis que unha programación ten que ser flexible e adaptarse ás circunstancias reais do curso e dos grupos, e ás novas situacións que poidan xurdir, como sucedeu no presente ano académico a causa da crise sanitaria provocada pola COVID-19, polo que consideramos que as modificacións e adaptacións pertinentes non deixan de ser unha necesidade e incluso unha obriga para garantir un ensino-aprendizaxe máis eficiente. As modificacións realizadas na programación actual, ademais, poden ser positivas para axudarnos a planificar o noso traballo de cara ao vindeiro curso.

Para a proposta de mellora de cara á programación do curso que vén parécenos necesario mencionar a adaptación da temporalización á realidade do centro e da periodización na avaliación. Unha vez coñecido o alumnado e as características tanto dos grupos como do CPI en xeral, debemos establecer uns tempos máis realistas onde se teñan en conta factores como a participación nas actividades complementarias e extraescolares ou o ritmo de aprendizaxe real dos rapaces e rapazas en función da aula na que se atopan. Esta adaptación ao tempo real ten que pasar por unha selección de contidos na que se valore darlle prioridade a aqueles máis urxentes en función das carencias ou das necesidades de cada alumno/a. Consideramos que a materia de Lingua Galega ten que dar prioridade a temas nos que o alumnado ten grandes carencias, non só polo seu nivel académico ou

polas súas dificultades de aprendizaxe, senón pola realidade sociolingüística que o rodea e que vai, coma sempre, en detrimento das destrezas lingüísticas na nosa lingua. Estamos a falar da expresión tanto oral como escrita e da ortografía, xa que estas cuestións son fundamentais para adquirir unha competencia lingüística real coa que poder traballar o resto dos aspectos e estándares da materia.

Pensamos, tamén, que sería bo establecer dende o primeiro momento do vindeiro curso unha distribución de contidos entre as materias das distintas linguas para que non caer nas aprendizaxes repetitivas e poder así aproveitar o tempo lectivo de xeito máis eficiente.

F) Avaliación da práctica docente:

A práctica docente foise reorganizando co paso dos trimestres en función das necesidades concretas de cada grupo. Se ben é certo que a temporalización e o ritmo das sesións distou en certa medida de ser o planificado a comezos de curso, especialmente nalgúns cursos, este feito viuse en boa parte motivado por circunstancias alleas á propia práctica docente, como puideron ser os comportamentos disruptivos, unha ampla diversidade difícil de atender con eficiencia ou, simplemente, a situación xerada pola COVID-19.

É evidente que non se pode desenvolver unha práctica docente totalmente satisfactoria sen os medios necesarios para isto, como profesorado de apoio para todo o alumnado con dificultades ou aulas con grupos máis reducidos, elementos que non favorece o sistema educativo actual, a pesar de que a pandemia obrigou a cumprir un distanciamento social no que foi necesario habilitar novos espazos para formar grupos menos numerosos. O ideal sería que isto non se producise só por mor da pandemia e que os centros educativos puidesen contar sempre cos recursos suficientes para poder ofrecer un ensino de calidade. Sen unhas condicións óptimas para desenvolver o noso labor, os/as docentes pouco podemos autoavaliarnos de xeito obxectivo, como non sexa contabilizando as horas de traballo que realizamos fóra do noso horario real. A calidade da práctica docente non será posible sen a recuperación dunha escola pública na que se dean as circunstancias axeitadas para ofrecer un ensino adecuado, sen as carencias que o sistema pretende que supla o sobreesforzo do profesorado e dos equipos directivos.

G) Actividades extraescolares e complementarias desenvolvidas:

Este curso o departamento participou activamente nas distintas actividades organizadas polo centro de xeito xeral, tendo en conta que a xefa do Departamento de Lingua Galega foi tamén a coordinadora do Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias.

Isto implicou que algunhas das actividades programadas polo departamento a inicio de curso non se chegasen a desenvolver, como xa explicamos no apartado de modificacións da programación. Pola contra, si se desenvolveron outras doutros departamentos ou equipos cos que colaboramos activamente. De xeito xeral, as actividades nas que o Departamento de Lingua Galega estivo máis directamente implicado foron as seguintes:

- Participación nos distintos certames literarios e artísticos convocados pola Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra (Certame de microrrelatos Carmela Loureiro, Poesía e Imaxe, A Mocidade coa Lingua). As creacións literarias presentadas nos certames saíron das aulas de Lingua Galega, onde se orientou o traballo do alumnado para que se adecuase ás bases establecidas no concurso. Ademais, o Departamento de Lingua Galega encargouse da organización de cara á participación no festival musical da Mocidade coa Lingua.
- Colaboración na organización e desenvolvemento das distintas celebracións anuais do centro, como o Samín, o Magosto, o Nadal, o Entroido, o Día do Amor e a Amizade, o Día do Libro, as Letras Galegas, os Maíos e o festival de fin de curso.
- Colaboración no proxecto anual do centro “Un mar de historias”, cun traballo do alumnado de 2º ESO sobre o léxico de Valdoviño arredor de distintos ámbitos ligados ao mar, como a pesca, o surf, a construción de embarcacións, o marisqueo...
- Participación directa e activa no proxecto “21 días co galego e +” da Secretaría Xeral de Política Lingüística, organizado e desenvolvido polo EDLG. Durante os 21 días que durou o proxecto, realizáronse xogos populares, un obradoiro de tatuaxes, un photocall, un Galeoke, un Pasagalego, unhas primeiras citas para conversar en galego, un concurso de adiviñar autores/as e obras a partir duns versos que se entregaban coa consumición da cafetaría, un obradoiro de creación de narración oral a partir das imaxes duns dados e un préstamo de libros misteriosos que, envoltos nun paquete, só daban unha pequena información do seu contido no exterior. Ademais, tamén se organizou un concurso consistente en adiviñar o significado dunha palabra en galego que cada día achegaba algún/algunha docente ás aulas dos cursos implicados (5º e 6º de EP, e toda a ESO). Todas estas actividades se distribuíron nos dous recreos e por cursos ao longo do 21 días que durou o programa. Ademais, tamén dentro deste proxecto, tiveron lugar diversas charlas de “Youtubeiros/as” galegos/as, que foron orientadas a distintos cursos, segundo a temática das canles dos/as mesmos/as. Así contamos coa presenza no centro de Iria Veiga Ramos, coñecida como a A Raíña Vermella, aproveitando o Día da Muller e da Nena na Ciencia; Fran da Lobeira, que nos contou como xurdiu a súa canle A Lobeira Today; Iago Gordillo, que nos falou sobre videoxogos e o seu “Recuncho Gamer”; Rogelio Santos, que nos contou cousas sobre o mundo do mar, e Nee Barros, que nos deu a coñecer as diferentes canles en galego que podemos atopar nas redes. Tamén tivemos a sorte de escoitar a nosa profesora de Química, Rosa Anllo, que realizou unha práctica de laboratorio moi interesante co alumnado da ESO, ademais dunha táboa periódica xigante cos distintos elementos químicos en galego. Como colofón final, levouse a cabo un festival de clausura dos “21 días co galego e +” o 22 de febreiro no salón de actos da Casa da Cultura de Valdoviño no que, ademais de entregárense os premios ao alumnado e profesorado gañador dos diferentes concursos, houbo unha serie de actuacións musicais a cargo da rapazada e dalgúns dos/as seus/súas profesores/as. Tamén contamos coa presenza “virtual” e “en diferido” do actor e humorista Touriñán, que lle enviou unha mensaxe a prol do uso da lingua galega ao alumnado do CPI Atios.

H) Principais conclusións:

Como conclusión xeral debemos reiterar a necesidade dunhas condicións axeitadas para que se produza o proceso de aprendizaxe dun xeito satisfactorio e eficiente. O equipo humano do CPI Atios fai posible co seu esforzo e dedicación crear un ambiente e un clima de convivencia e cooperativismo moi favorecedor para acadar os logros que finalmente se conseguen co alumnado, pero tamén hai que reflexionar sobre as condicións ás que nos vemos sometidos como traballadores/as do ensino polos cambios legislativos frecuentes, os recortes de profesorado e de medios na escola pública e as ratios elevadas.

Tendo todo isto en contra, non só os/as docentes debemos facer un esforzo máis alá do que conleva o esperable no noso traballo diario, senón que tamén o alumnado sofre as consecuencias por non poder ser atendido en moitas ocasións na medida en que o necesita (especialmente o alumnado menos autónomo ou con grandes dificultades de aprendizaxe e de adaptación).

Como profesores/as, debemos avaliar e ser críticos coa nosa práctica docente e coa nosa programación, porque traballamos con persoas e calquera erro ou mala práctica pode ser un lastre para a educación e a aprendizaxe do noso alumnado, pero tamén debemos ser críticos co sistema que, en lugar de facilitarnos o traballo, nos condiciona, nos limita e nos pon trabas, a nós e aos nosos rapaces e rapazas.

Estes últimos cursos, máis que nunca, o ensino foi moito máis alá da transmisión de coñecementos das materias, pois a situación de pandemia nos obrigou a atender principalmente ao benestar da comunidade educativa e iso implicou un esforzo a todos os niveis, especialmente no ámbito emocional, tanto para o alumnado, como para o profesorado e persoal non docente, como para as familias. Agardamos que todo isto sirva para que a sociedade reflexione sobre a importancia do labor docente e de contar cunha escola pública e de calidade, dotada de recursos e de autonomía.

Valdoviño, 27 de xuño de 2022

María Luísa Pita Rubido
Xefa do Departamento de
Lingua Galega e Literatura